




Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN (outubro - decembro 2012)

La geometría del amor, de John Cheever

La geometría del amor reúne contos excepcionais polos que transitan as criaturas agrídoces dun autor que soubo reproducir no papel os naufraxios, a un tempo sociais e emocionais, da América do seu tempo, nos que Cheever censura o consumismo, as hipocrísias do *american way of life* e a ética empobrecida das clases acomodadas.

Información tomada da web www.letraslibres.com



Nosotras que nos queremos tanto, de Marcela Serrano

Catro mulleres chilenas, profesionais, situada na metade das súas vidas, reúnense xunto a un lago para contar as súas experiencias. Un torrente de testemuños distintos entrecrúzanse sobre unha paisaxe íntima común: a enorme capacidade de amar, a vulnerabilidade no terreno afectivo, o prezo dos sonhos...

Información tomada do resumo editorial



Memorias de Adriano, de Marguerite Yourcenar

Magnífica evocación da vida dun soberano, ao final dos seus días, que ademáis de exercer o poder e aumentar a gloria de Roma, demostrou unha gran humanidade ao ter especial consideración cos escravos e favorecer as artes. O seu asomo á inmortalidade asegurouna o seu gran amor e paixón polo xove grego Antínoo.

Información tomada de <http://blogs.elpais.com/papeles-perdidos/2011/08/la-felicidad-dorada-de-adriano-de-yourcenar.html>



Todo cuanto amé, de Siri Hustvedt

Fermosa novela que nos achega á complexidade das relacións humanas, ao mundo da arte e a diferentes patoloxías psicolóxicas. Leo, un profesor de arte, de orixe europea e marcado polas persecucións nazis a súa familia, iran os narrando a forma en que coñeceu ao pintor Bill Wechsler, a raíz de mercar un cadro seu e como a partir dese momento ambos estarán unidos por unha profunda amizade.



A miña planta de laranxa-lima, de José Mauro de Vasconcelos

A obra máis emblemática de José Mauro de Vasconcelos, é una novela en gran parte autobiográfica sobre as vivencias de Zezé, un pequeno de cinco anos con sonhos de poeta entre a miseria e a incompreensión. Un relato social que retrata ao Brasil máis desfavorecido pero tamén un relato cheo de lirismo e sensibilidade. Publicado en 1968, vendeu máis de medio millón de exemplares en Brasil.

